

NOTA DE PRENSA

---

## O COLEXIO DE FONSECA ACOLLE, DESDE HOXE, A MOSTRA FOTOGRÁFICA DA HISTÓRICA EXPO GALEGA DE 1909



- Está promovida pola Consellería de Cultura e Turismo a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, en colaboración coa Universidade de Santiago e producida por Alvarellos Editora.
- Rescatáronse do esquecemento 44 imaxes dun evento organizado en Santiago no primeiro Ano Santo do século XX, que non tivera precedentes na historia de Galicia.
- A mostra está comisariada polo xornalista e editor Henrique Alvarellos Casas e permanecerá aberta ata o 18 de outubro.

Santiago de Compostela, xoves 10 de setembro de 2009.- A vicerreitora da USC, Elvira Fidalgo, e o xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Santos, inauguraron hoxe ás oito no Colexio de Fonseca, a mostra *Santiago, 1909. Centenario da Exposición Rexional Galega*, unha exposición fotográfica promovida pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo -adscrita á Secretaría Xeral de Turismo da Consellería de Cultura-, en colaboración coa Universidade de Santiago, e comisariada polo editor e xornalista Henrique Alvarellos Casas. Nela reúnense 44 singulares fotografías pertencentes ao histórico evento que, hai xusto cen anos, se desenvolveu na capital de Galicia.



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52

## 600 INSTALACIÓNS E 10.000 PEZAS ARTÍSTICAS

Foi entre os meses de xullo a decembro de 1909. Naqueles días Santiago viviu un acontecemento sen precedentes na historia da cidade e de Galicia: a montaxe da Exposición Rexional Galega. Un magno certame -hoxe esquecido- que acolleu a máis de 600 instalacións ubicadas en once espectaculares pavillóns, e onde foron expostas 10.000 pezas de arqueoloxía, obras de arte e historia.

A Expo de 1909 marcou época. Era tamén o primeiro Ano Santo do século e polo recinto (instalado ao sudoeste da Alameda e no colexio San Clemente -hoxe, Instituto Rosalía de Castro-) pasaron en cinco meses máis de 53.000 persoas, o dobre da poboación de Santiago naquel intre.

Cen anos despois, aquela peculiar simbiose de arte e industria merecía un rescate.

## FOTOS HISTÓRICAS E ESQUECIDAS

Esta mostra do Centenario que hoxe se abre ao público no Colexio de Fonseca recupera do esquecemento 44 imaxes moi singulares.

Dende o punto de vista temático, esta exposición divídese en tres apartados: un, dedicado ás arquitecturas e interiores dos pavillóns da Sección Contemporánea; outro centrado na Sección Arqueolóxica, e un terceiro, titulado "Xentes & Actos", que mostra a visitantes ilustres máis unha selección das actividades festivas organizadas.

A maior parte das imaxes pertencen ao artista coruñés afincado en Compostela Manuel Chicharro (1849-1924). A baixa calidade dalgunha delas queda compensada por ese retrato vivo de toda unha época que nos permiten descubrir: uns pavillóns de traza modernista que asombran ao visitante, unha sección arqueolóxica que constituíu o primeiro estudo da riqueza artística de Galicia, e unha altísima participación cidadá e institucional (que contou coa inauguración a cargo do rei Alfonso XIII o 24 de xullo) que engrandeceron un proxecto ambicioso do que, paradoxalmente, nada quedou en pé agás un só edificio.

As fotografías proceden de diversos fondos arquivísticos e hemerográficos: institucións como o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, o Museo do Pobo Galego, a Real Academia Galega ou a Universidade de Santiago; revistas gráficas como *Vida Gallega* de Vigo ou *Nuevo Mundo*, de Madrid, e diarios locais como *El Eco de Santiago*, entre outros. Á parte de achegas privadas.

## AS PRIMEIRAS PEREGRINACIÓNS ORGANIZADAS

Ignacio Santos, xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, subliñou no acto de presentación que "1909 foi o primeiro Ano Santo do século, e tamén o primeiro no que a cidade recibiu peregrinacións organizadas, mesmo algunha de Inglaterra ou Alemaña, polo que este ano Santo marca dalgún xeito un inicio de ciclo, unha data que foi sublimada pola Exposición Rexional, na que estas magníficas e históricas fotografías dan boa mostra". Para a vicerreitora Elvira Fidalgo, "a USC contribúe, unha vez máis, á difusión da cultura galega axudando a recuperar da memoria unha exposición rexional que foi concibida e construída para demostrar do que era capaz



Galicia nos albores do século XX, tanto no eido da arquitectura, a industria ou as artes". Finalmente, o comisario da mostra, Henrique Alvarellos, sinalou que "este proxecto culmina un traballo que tivo como primeira parte, o pasado mes de xullo, a publicación do libro *Santiago, 1909* (Alvarellos Editora/Consortio de Santiago) e magnificase agora grazas á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e a Universidade de Santiago, con unha mostra que recolle as mellores imaxes rescatadas daquel histórico evento. A Exposición Rexional foi un soño de historia e futuro no que, desde Santiago de Compostela, se quixo mostrar ao mundo a Galicia histórica e a que espertaba á modernidade no que ía ser o século das tecnoloxías".



SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52